




Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B GCS	Documento 1051710Q4Q	
Código de verificación  2P18 0Y2F 033V 715Y 0VRD	Expediente 105/2023/1250	
	Fecha 17-07-2023	

## ANUNCIO DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE BOLSAS COMEDOR PARA O CURSO ESCOLAR 2023/2024 E APERTURA DO PRAZO DE ALEGACIÓNS

### 1.- DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL.

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 1/03/2023 aprobou a convocatoria para a concesión de bolsas de comedor para o curso escolar 2023/2024 abrindo un prazo de solicitude do 13 de marzo ao 12 de abril do mesmo ano.

A convocatoria foi publicada:

- Na súa totalidade na páxina da Base de Datos Nacional de Subvencións (Identif. 679136): <https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/679136>
- Na páxina web do Concello na parte relativa ós servizos sociais municipais. <https://www.coruna.gal/serviciosociales/es/servicios/tramites/detalle-tramites/becas-comedor-convocatoria-2023/contenido/1453831612437?argldioma=es>

Tramitado o expediente, o día 17/07/2023 o órgano instrutor do procedemento que deriva da convocatoria de bolsas comedor 2022/2023 , formulou proposta de resolución provisional, cuxa parte resolutiva se detalla a continuación:

**PRIMEIRO.-** Formular proposta de resolución provisional da convocatoria para a concesión de bolsas municipais para o pagamento de comedores escolares no curso escolar 2023/2024 aprobada pola Xunta de Goberno Local o 1/03/2023, e aprobar as listaxes provisionais que se incorporan no expediente a todos os efectos, podendo consultarse na súa versión publicable como documento denominado Listaxe proposta resolución provisional\_Usos públicos" ( CSV4104 1V2R 3K4Q 3V12 1DUA).

Debe sinalarse que a puntuación asignada a cada solicitude ven determinada pola puntuación obtida para os criterios sinalados no apartado 9.3 a 9.6 e que ven determinado pola suma das comunas relativas ós apartados A, B, C e D, conténdose a puntuación total no apartado denominado TOTAL.

Segundo o apartado 9.7 da convocatoria reguladora das bolsas comedor para o curso escolar 2023/2024, para a concesión da axuda económica esixírase unha puntuación mínima de 10 puntos.

**SEGUNDO.-** Propoñer a concesión da axuda económica de bolsa comedor para o curso escolar 2023/2024 para aquelas solicitudes que figuran no documento Listaxe proposta resolución provisional\_Usos públicos ( CSV 4104 1V2R 3K4Q 3V12 1DUA) e nas que se indica na columna RESOLUCION o seguinte literal:



- *Concedida: 10 ó + puntos.*

**TERCEIRO:** *Propoñer a denegación da axuda económica de bolsa comedor para o curso escolar 2023/2024 para aquelas solicitudes que figuran no documento Listaxe proposta resolución provisional\_Usa publico ( CSV 4I04 1V2R 3K4Q 3V12 1DUA) e nas que se indica na columna RESOLUCION os seguintes literais:*

- *Denegada: no alcanza la puntuación mínima*
- *Denegada: supera ingresos*
- *Denegada: no subsana documentación obligatoria*
- *Denegada: no queda acreditado el cumplimiento de requisitos del apartado 6*
- *Denegada: imposibilidad cálculo capacidad económica unidad familiar*

**CUARTO.-** *Aceptar a desistencia das solicitudes de axuda que figuran no documento Listaxe proposta resolución provisional\_Usa publico ( CSV 4I04 1V2R 3K4Q 3V12 1DUA) e nas que se indican na columna RESOLUCION o seguinte literal:*

- *Desistimiento individual*

**QUINTO.-** *Inadmitir a trámite as solicitudes de axuda que figuran no Listaxe proposta resolución provisional\_Usa publico" ( CSV 4I04 1V2R 3K4Q 3V12 1DUA) e nas que se indican na columna RESOLUCION o seguinte literal:*

- *Presentada fuera de plazo*

**SEXTO.-** *Publicar esta proposta de resolución provisional xunto cos seguintes documentos no Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello da Coruña, mediante un anuncio que será aprobado de forma inmediata polo órgano instructor, de acordo co establecido na Base 12.3 das Bases reguladoras desta convocatoria, e que servirá de notificación colectiva da proposta:*

<i>Listaxe total solicitudes presentadas_Usa publico</i>	<i>1P6E</i>	<i>6R6T</i>	<i>1P4Y</i>	<i>3X1L</i>	<i>0TK5</i>
<i>Listaxe proposta resolución provisional_Usa publico</i>	<i>4I04</i>	<i>1V2R</i>	<i>3K4Q</i>	<i>3V12</i>	<i>1DUA</i>

**SÉTIMO.-** *Aprobar a apertura dun prazo de alegacións de dez (10) días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación da proposta de resolución provisional no Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello da Coruña, no que as persoas beneficiarias e interesadas poderán realizar alegacións e aportar os documentos que consideren oportunos, e que serán tidos en conta polo órgano instructor na formulación da proposta de resolución definitiva.*

Debe sinalarse que o listado que se publica xunto con este anuncio, recolle por filas cada unha das solicitudes presentadas, identificadas co número de expediente individual asignado a cada persoa solicitante.

O contido das columnas da listaxe que acompaña a proposta de resolución provisional, é o seguinte:

DENOMINACIÓN COLUMNA	DA	INFORMACIÓN
EXPEDIENTE		Número de expediente individual asociado a cada solicitude
RESOLUCION		<b>Concedida: 10 ó + puntos</b> <i>Expedientes con una puntuación superior a 10 puntos.</i>
		<b>Denegada: no alcanza la puntuación mínima</b> <i>Expedientes con documentación completa que no alcanzan los 10 puntos (apartado 9.7 de la convocatoria)</i>
		<b>Denegada: supera ingresos</b> <i>Expedientes que superan los 8.000 € de renda per cápita en el ejercicio 2021 e por tanto non cumpren o requisito do apartado 6.c)</i>
		<b>Denegada: no subsana documentación obligatoria</b> <i>Non presenta documentación obrigatoria do apartado 10</i>



	<b>Denegada: imposibilidad cálculo capacidad económica unidad familiar</b> <i>Non se presenta a documentación que permite comprobar a capacidade económica da unidade familiar de conformidade co apartado 6.c).</i>
	<b>Desistimiento individual</b> <i>A persoa desistiu da súa solicitude.</i>
	<b>Presentada fuera de prazo</b> <i>A solicitude foi presentada fóra do prazo establecido no apartado 8.3 da convocatoria ( 13 de marzo a 12 de abril do 2023 segundo o apartado 8.3 da convocatoria)</i>
	<b>Denegada: No queda acreditado el cumplimiento de requisitos del apartado 6</b> Non presenta documentación que permita acreditar o cumprimento dos requisitos do apartado 6 diferentes da comprobación da capacidade económica. Na pestana “ requisitos apartado 6” sinalarase o apartado incumplido: a), b) ou c)
<b>REQUISITOS APARTADO 6</b>	En caso de sinalarse na columna resolución “Denegada: no queda acreditado el cumplimiento de requisitos del apartado 6”, indicarse na letra respecto da que se xera o incumplimento o apartado concreto incumplido: 6.1, 6.2 a) ou 6.2.b)
<b>APARTADO A</b>	Puntuación asignada atendendo a situación económica da unidade familiar ( apartado 9.3)
<b>APARTADO B</b>	Puntuación asignada atendendo a incompatibilidade horaria ( apartado 9.4)
<b>APARTADO C</b>	Puntuación asignada atendendo a situación sociofamiliar ( apartado 9.5)
<b>APARTADO D</b>	Puntuación asignada atendendo a discapacidade da persoa solicitante ou dalgunha das persoas que ostenta a custodia ( apartado 9.6)
<b>TOTAL</b>	Se indica la puntuación total asignada a solicitude ( Suma dos puntos dos apartados A+B+C+D de cada unha das solicitudes)

Recórdase que de conformidade co apartado 9.7 da convocatoria reguladora das bolsas comedor para o curso escolar 2023/2024, para a concesión da axuda económica esixírase unha puntuación mínima de 10 puntos.

## 2.- INFORMACIÓN SOBRE ONDE E CÓMO CONSULTAR A LISTAXE QUE ACOMPAÑA Á PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL.

Pode consultar a proposta de resolución provisional e a listaxe que a acompaña nos seguinte medios:

- Taboleiro de anuncios e edictos municipal no seguinte vínculo:  
<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>
- Páxina web de servizos sociais: <https://www.coruna.gal/servizossociais/gl?argldioma=gl>
- Teléfono de Atención Cidadá 010, no horario de 08.00 a 20.30 h, de luns a venres e de 09.00 a 14.00 h os sábados.
- Nos teléfonos dos centros cívicos: 981 189 885 (Cidade Vella), 981 184 372 (Monte Alto), 981 184 360 (Labañou), 981 184 350 (Rosales), 981 184 370 (Mesoiro), 981 184 358 (Elviña), 981 184 362 (Palavea), 981 184 364 (Mallos), 981 189 884 (Novoboandanza), 981 184 368 (San Diego), 981 184 354 (Castrillón), 981 189 817 (Monelos) e 981 184 379 (Eirís<sup>1</sup>).

As solicitudes están publicadas por orde do seu número de expediente individual asignado. Para facilitar a identificación do expediente individual, coa listaxe de proposta de resolución provisional, publícase unha listaxe na que relaciona a totalidade das solicitudes presentadas na convocatoria de bolsas comedor para curso escolar 2023/2024 xunto co asento de entrada no rexistro municipal.

<sup>1</sup> Para a información telefónica deberá facilitar un número de identificación persoal da persoa solicitante e da persoa que realiza a consulta.



Se ten algunha dúbida en relación ao seu código de asento ou non dispón del, pode chamar aos teléfonos indicados anteriormente.

### 3.- APERTURA DO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE ALEGACIÓNS.

**Publicado o anuncio no taboleiro de anuncios e edictos municipais iniciarase un prazo de DEZ (10) DIAS HÁBILES, que se iniciará o día seguinte hábil ó da publicación do anuncio .**

Dentro deste prazo as persoas beneficiarias e interesadas poderán aducir alegacións e aportar documentos que serán tidos en conta polo órgano na proposta de resolución definitiva.

As alegacións poderán presentarse:

- *De xeito presencial:* Nas oficinas dos Rexistros municipais de María Pita, Ágora, Fórum, e a Franxa con CITA PREVIA <sup>2</sup>
- *De forma telemática ou electrónica:* Na sede electrónica do Concello da Coruña:  
<https://sede.coruna.gal/sede/gl>
- Por calquera outro medio dos que permite o artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Segundo a data prevista da publicación do anuncio, o prazo para presentar alegacións será do día 18 de xullo ao 1 de agosto de 2023, ámbolos dous días incluídos.**

A Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento.

O órgano instrutor,  
O xefe de Servizo de Servizos Sociais,  
Carlos Santos Guerrero.

<sup>2</sup> CITA PREVIA: Para presentar a documentación nos rexistros municipais de María Pita, Ágora, Mesoiro, Fórum e a Franxa hai que solicitar cita previa a través da páxina web municipal <https://citaprevia.coruna.gal/>, Teléfono de Atención Cidadá 010 ou ben no teléfono de servizo automático de cita previa 881 505 101.